

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o art. 32 da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia son principios rectores do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A universalidade do dereito ós servizos e ás prestacións de cobertura pública.
- B) A participación e implicación dos profesionais no sistema sanitario.
- C) A promoción do uso racional do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. Segundo o artigo 1.2. da Lei Xeral de Sanidade son titulares do dereito á protección da saúde e a atención sanitaria todos os españois e os cidadáns estranxeiros que:

- A) Teñan establecida a súa residencia no territorio nacional
- B) Estean de alta na Seguridade Social
- C) Teñan tarxeta sanitaria
- D) Non resida en territorio nacional

3. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001 reguladora do consentimento informado, sinala a afirmación FALSA:

- A) A prestación do consentimento informado é un dereito do doente
- B) A obtención do consentimento informado é un deber do médico
- C) O doente ten dereito a decidir libremente, tras recibir a información axeitada, entre as opcións clínicas dispoñibles
- D) O doente non ten dereito a negarse ó tratamento

4. O art. 35 da lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais di que os delegados de prevención son:

- A) Os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos laborais.
- B) Aqueles traballadores designados polo empresario para desenvolver a actividade preventiva.
- C) Aqueles traballadores designados polas seccións sindicais para desenvolver a actividade preventiva.
- D) Os técnicos superiores en prevención de riscos laborais contratados para a xestión da actividade preventiva.

5. De conformidade con artigo 13 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala a resposta INCORRECTA respecto ós Tribunais de Selección:

- A) Estarán compostos dun número impar de membros non inferior a sete
- B) Actuarán de acordo cos criterios de obxectividade, imparcialidade, axilidade e eficacia
- C) Axustarán a súa actuación ó disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colegiados
- D) Poderán propor ó órgano convocante a incorporación ó seus traballos de asesores especialistas de acordo co previsto nas convocatorias

6. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia marcar a resposta correcta respecto á Xunta de Galicia:

- A) Está composta polo Presidente e o Vicepresidente
- B) Non responde politicamente perante o Parlamento de forma solidaria
- C) Non poderá interpor recursos de inconstitucionalidade
- D) É o órgano colexiado de Goberno de Galicia

7. Segundo o artigo 27 do Estatuto Marco, a incapacidade permanente cando sexa declarada nos seus graos de total para a súa profesión habitual, absoluta para todo traballo ou gran invalidez conforme ás normas do Réxime Xeral da Seguridade Social:

- A) Produce a perda da condición de persoal estatutario
- B) Implica o pase do persoal estatutario á situación de servizos especiais
- C) Reserva o posto de traballo durante un ano
- D) Ningunha resposta é correcta

8. Segundo o artigo 9.1. da Lei 55/2003 do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, os nomeamentos de persoal estatutario poderán ser:

- A) De interinidade, de carácter eventual ou de substitución
- B) De interinidade e por circunstancias da produción
- C) De interinidade, de carácter eventual e de obra ou servizo determinado
- D) De carácter eventual e de substitución

9. A historia clínica conterá datos relativos ó proceso, que incluírán, como mínimo:

- A) Evolución clínica
- B) Informe sobre os procedementos diagnósticos ou terapéuticos e interconsultas realizadas
- C) Informe de alta do episodio de atención ou folla de problemas en atención primaria
- D) Todas as respostas son correctas

10. O artigo 18 da Constitución Española garante o dereito:

- A) Á honra
- B) Á intimidade persoal e familiar
- C) Á propia imaxe
- D) Todas as respostas son correctas

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 40 do Decreto 206/2005 do 22 de xullo, os postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade, e postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria que requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, de persoal licenciado sanitario, proveeranse mediante:

- A) Concurso de méritos
- B) Libre designación
- C) Un proceso de selección baseado na avaliación do currículo profesional dos aspirantes e un proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, que será defendido publicamente
- D) Concurso de traslados

2. Son situacións de outorgamento do consentimento por substitución as seguintes:

- A) Cando o doente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións por criterio do médico responsable da asistencia
- B) Cando o doente sexa un incapacitado legal
- C) Cando o doente menor de idade non sexa capaz intelectual nin emocionalmente de comprender o alcance da intervención
- D) Todas as respostas son correctas

